



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 08/06/2017 08:10:44

SAÍDA 52120 / RX 877318



MCL/MVL/ mfr

Xúntase, co rogo, da súa divulgación entre a comunidade educativa do seu centro, as listaxes correspondentes ao disposto no artigo 15.6 da *Orde do 2 de febreiro de 2017 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2017, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.* (DOG do 27/02/2017), unha vez rematado o prazo establecido no artigo 15.4 desta Orde de convocatoria.

Listaxes definitivas de seleccionados/as e de suplentes, ordenados por puntuación:

- 1º ESO.
- 2º ESO.
- 3º ESO.
- 4º ESO.
- 1º Bach.
- 2º Bach.

Estas listaxes poderán ser consultadas na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>.

Ábrese un prazo de 5 días naturais (ata o 13 de xuño) para que os solicitantes fagan o pago da achega familiar e lle remitan á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través dun rexistro oficial ou mediante correo ordinario (será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que na oficina de Correos se poida facer constar o selo e a data, antes de proceder á súa certificación postal), a seguinte documentación:

1. Aceptación ou renuncia á axuda (anexo III da Orde de convocatoria).
2. Xustificante bancario do pagamento á empresa adxudicataria dos cursos no número de conta bancaria indicado a través do correo electrónico e no menú "3. Estado solicitude" da páxina web do programa (<http://www.edu.xunta.es/axudasle>). Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada dentro do prazo (ata o 13 de xuño) implica a renuncia á praza adxudicada.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

O SUBDIRECTOR XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA E
FORMACIÓN DO PROFESORADO,



Manuel Vila López

SR./A. DIRECTOR/A. DO CENTRO